



Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Diseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: PO189-2023

Este libro publícase grazas á subvención dirixida aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022, convocada pola Deputación de Pontevedra.



CONCELLO DE
REDONDELA



A MICROTAPONIMIA DA PARROQUIA DE QUINTELA



MARÍA POL LÓPEZ





Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2022



Introdución

O topónimo de Quintela

Determinar a orixe do topónimo de **Quintela** resulta complexa. Trátase dun derivado *quintá* ou de *quinta*, que non se pode determinar sen consultar a documentación antiga. A existencia no occidente do topónimo *Quintela* determina a procedencia da voz latina *QUINTANĒLLA*, derivada de *quintāna*, feminino do adxectivo *quintānus* (do numeral *quīntus*). Porén, a forma toponímica *Quintela* podería explicarse tanto a partir de *QUĪNTA* (> *QUINTĒLLA*), como de *QUINTĀNA* (> *QUINTANĒLLA*) (Martínez Lema, 2010: 283). Pode sinalar a existencia no lugar dun terreo de pequenas dimensións con edificacións e terras ou dun pequeno espazo común entre casas. Nun documento de 1473¹ sobre unha venda ao mosteiro de Santa María de Melón aparece mencionada a parroquia de Quintela como *San Mamed de Quintela*. Así vai aparecer tamén nos documentos do Catastro de Ensenada do ano 1750-54 e no expediente de comprobación de bens desta parroquia do ano 1760.

A través do dito documento tamén se pode intuír que esta parroquia garda relación co mosteiro de Santa María de Melón, pois unha

¹ “Mayor Saborada vende al monasterio de Santa María de Melón todas las heredades que posee en el coto de “Lobelle”, sito en la feligresía de Santa María de Reboreda, y los de la feligresía de San Mamed de Quintela” do Arquivo Histórico Nacional.

muller véndelle a este mosteiro as terras que posúe no coto de “Lobelle”, que pode ser o actual Novelle (véxase a entrada **Novelle de Arriba**).

O nome de *San Mamede* ten unha etimoloxía controvertida. Hai quen pensa que ten procedencia latina, a partir do nome persoal *Mammes*, *-etis*, posiblemente ligado con nomes romanos como *Mammeus*, *Mammeanus*, *Mammatus* e outros, relacionados coa palabra da linguaxe infantil *mamma*. Por outra banda, tamén se fala dunha orixe semítica, o nome *Mohamed* (o mesmo ca o do profeta Mahoma, pero moi anterior ao nacemento deste), da raíz *H-M-D* “loar”.

Na *Guía de nomes galegos* (Boullón Agrelo) explícase que San Mamede era pastor na cidade da Capadocia, na actual Turquía. Segundo conta a lenda, refuxiouse nun bosque para fuxir da persecución de Aureliano e alí predicoulles o Evanxeo ás feras, transformándose no Orfeu cristián, o que amansa as feras coa música. Finalmente, foi destripado por un gladiador do anfiteatro cun tridente, instrumento que é o seu atributo persoal na súa iconografía. É un dos santos máis antigos do culto hispánico.

A parroquia de **Quintela** ten dous barrios: **A Costeira** e **Quinteiro**. Entre os dous rexistráronse 274 nomes nos que hai terreos, vías, fontes, regos e construcións coma casas, lavadoiros ou pontes. Cómpre sinalar que todos estes nomes forman parte da toponimia menor ou microtoponimia, diferente da toponimia maior. Polo xeral a toponimia menor queda esquecida, pois non ten tanta importancia económica e social coma os nomes das vilas (**Quintela** e os barrios **Quinteiro** e **A Costeira** forman parte da toponimia maior). Así pois, grazas aos veciños e veciñas que colaboraron na recollida de todos estes nomes, que agora quedan aquí para que non se perdan na memoria.

Finalmente, é preciso ter en conta que a oralidade non sempre se corresponde coa escrita. Algúns topónimos na oralidade presentan o seseo e a gheada que caracterizan este concello costeiro da provincia de Pontevedra.

1. Orotopónimos*

Barreira, A (A Costeira)

Barreira é un derivado de *barro* e fai referencia a un lugar no que abunda este material ou onde se extrae como materia prima para elaborar obxectos de cerámica ou material de construción. A palabra *barro*, de orixe prerromana, é sinónima de *arxila*. Neste terreo localizado no barrio de A Costeira sitúase **A Casa da Barreira**.

Cabrito, O (Quinteiro)

A palabra procede do latín tardío *CAPRĪTUS*, participio do verbo **CAPRIRE* “parir” (a cabra), con influxo do sufixo diminutivo *-ito* ou con xeminación expresiva do *t*. Como topónimo, a mención das cabras ou cabritos fai referencia a lugares pedregosos, de difícil acceso (López Boullón, 2019: 34).

Na parroquia de Quintela recóllense **As Cabritas**, que fai referencia a unha entidade de poboación (tamén rexistrado co nome de *Cabirtas*, con metátese do *-r*), o **Camiño das Cabritas** e **O Cabrito**, que fai referencia a un terreo.

* Topónimos que fan referencia ao relevo e á constitución do terreo.

Cadabulla (A Costeira)

Navaza (2006: 125) menciona un topónimo *Os Cadabullos* como un derivado do latín *CAPUT* “cabeza, extremo”, que non ten que ver coa voz *Cádavo*. Así pois, Sarmiento (citado en Navaza, 2006: 125) propón como definición para *cadabullo* “el comareiro de las heredades, junto a los muros”. Esta definición non ten nada que ver con *cádavo* “rama seca dalgúns arbustos, como toxo, uz, queiroa, xesta etc., utilizada para acender o lume” (diccionario da Real Academia Galega), polo tanto non estamos ante un fitotopónimo. Pode tratarse do feminino de *cadabullo* por facer referencia a unha terra que está sen cultivar.

Tamén existe o verbo *cadabullar* “facer os *cadullos* a unha leira”. Os *cadullos* son os “sucos que se aran nesta franxa de terra”. Outra definición de *cadullo* é “franxa de terra que se deixa sen cultivar e que serve de lindeiro entre dúas terras”.

No Proxecto Toponimia de Galicia hai varias terras nomeadas *O Cadabullo*, *Os Cadabullos*, *O Cadullo*, *Os Cadullos*, pero ningunha en feminino.

Campo, O

O nome deste lugar vén da voz *campo* (< latín *CAMPUS* “chaira”), que significa “superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo” (diccionario da Real Academia Galega). Este último significado que relaciona a voz *campo* cun lugar dedicado ao cultivo é, segundo indica Corominas (DCECH), unha innovación romance.

Ademais do topónimo **O Campo**, no barrio de Quinteiro rexístrase **O Campo de José do Adro** e no barrio de A Costeira **O Campo de Rosende** (*Rosende* parece ser unha alteración do nome de posesor *Rosendo*, nome de orixe xermánica, *Rudesindus* no latín medieval). Ademais, neste último barrio tamén se rexistra **O Campiño**, que sería un diminutivo de *campus*.

Chan, A (A Costeira)

Na área suroccidental de Galicia é moi común o uso do substantivo feminino *chan* para designar unha pequena chaira situada en lu-

gares elevados aos que se accede por pendentes mais ou menos pronunciadas. Este substantivo chan procede do latín *plana*. No barrio de A Costeira rexístrase o nome **A Chan** e no barrio de Quinteiro **Chan de Barros**.

O Nomenclátor de Galicia indica que hai 22 lugares chamados *A Chan* e catro lugares *As Chans* e todos (agás un na Coruña) se atopan nesa área suroccidental.

Cocho, O (Quinteiro)

O substantivo *cocho* xunto cos seus derivados ten moita presenza na toponimia galega suroccidental. Ademais do comunmente coñecido *cocho* como sinónimo de *porco*, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigar*. Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo cocho.

No dicionario da Real Academia Galega dise tamén que un *cocho* é un “lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais.”

O dicionario de Eladio Rodríguez define esta acepción de cocho como “trozo pequeno de un terreno labradío que se dedica a outro cultivo”. Tanto *acochar* como as súas variantes *agochar* e *agachar* son palabras de orixe incerta, talvez prerromana (Navaza, 2007a: 97).

O Nomenclátor de Galicia recolle dous lugares chamados *O Cocho*, un en Vigo e outro na Cañiza. Na parroquia de Quintela recóllense catro zonas chamadas **O Cocho** no barrio de Quinteiro, **O Lavadoiro do Cocho**, **a Fonte do Cocho**, **O Cocho do Muíño** e **O Camiño do Cocho**.

Cortiñas, As (A Costeira)

Cortiña era o nome que se lle daba a un terreo determinado, normalmente a aquel que estaba “próximo á casa de labranza, xeralmente valado e de pequenas dimensións, dedicado fundamentalmente ao cultivo de cereais, hortalizas ou patacas” (dicionario da Real Academia Galega). Provéen do latín *COHORTINA*, derivado do latín *COHORS* “recinto” (DCECH).

Costa da Forca, A (Quinteiro)

A **Costa da Forca** é un nome formado polo substantivo *costa* (ver *Costa, A*) e o substantivo *forca*. *Forca* vén do latín FŪRCA “galleta, forcada”, “pau bifurcado na cima”, o topónimo é un descriptor da paisaxe orográfica, que nalgún punto ofrece talvez o aspecto dese obxecto. A voz *forca* tamén se recolle no dicionario da Real Academia Galega co significado de “val estreito ou paso estreito entre montañas”. É unha palabra usual na toponimia, así como a voz emparentada *forcada*, moitas veces para indicar a bifurcación dun camiño (Gómez e Méndez, 2022: 45).

Costa, A (Quinteiro)

O topónimo **A Costa** está ligado co substantivo homónimo, do latín CŌSTA “costela; flanco, costado”; trátase dunha acepción figurada común a todos os romances para designar a ladeira dunha montaña. En galego, *costa* tamén fai referencia a un terreo en pendente (Gómez e Méndez, 2022: 40). No barrio de Quinteiro localízanse dous terreos **A Costa** e un **A Costa da Forca**.

Costeira, A

Derivado do substantivo *costa*, do latín CŌSTA, en alusión a unha costa ou terreo en pendente ou a un tramo dun camiño con esas condicións. É un dos barrios principais da parroquia de Quintela.

Costiña, A

Diminutivo de *cōsta* (véxase *Costa, A*) a partir do sufixo *-iña*. Este nome de lugar, **A Costiña**, é de fundación máis recente que aqueles outros que se denominan *A Costela*, que tamén proveñen do diminutivo de CŌSTA mediante o sufixo latino *-ĔLLA* (feminino de *ĔLLU*). Na creación de **A Costiña** xa era o galego (e non o latín) a lingua que se falaba no territorio (Méndez Fernández, 2016: 51). En ambos barrios (*A Costeira* e *Quinteiro*) recóllese este microtopónimo.

Coto de Lobeira, O (Quinteiro)

O **Coto de Lobeira** é un nome composto formado polo substantivo *coto* e o substantivo *lobeira*. *Coto* fai referencia á voz común

coto “parte máis alta dun monte, que ten forma cónica” (diccionario da Real Academia Galega). O *Coto* provén dunha base prerromana *COTT “prominencia, altura”, que puido ser empregada para crear este topónimo en tempos posteriores coa palabra de substrato *coto* “altura”, dende o latín ou, mesmo, dende o galego.

O segundo elemento do nome, *Lobeira*, é un derivado de lobo (do latín LŪPU). *Lobeira* aparece definido no diccionario da Real Academia Galega como “gorida de lobos”, polo que pode indicar que neste coto se resgardaban os lobos.

Coutada, A (A Costeira)

O substantivo *coutada* é o participio do verbo *coutar*, creado a partir de *couto* (do latín CAUTU, participio de CAVERE “protexer, defender, coidar”). Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición. **A Coutada** do barrio de A Costeira fai referencia a un lugar, unha entidade de poboación, que pode facer referencia unha parcela do monte que foi privatizada.

Covelos, Os (A Costeira)

O substantivo *covelo* designa un “pequeno lugar cóncavo ou fondo; pequena depresión do terreo”, diminutivo do adxectivo covo (do latín CAVA, “cóncavo, profundo”). O adxectivo adoita aplicarse a lugares situados nunha depresión do terreo, mentres que o substantivo *cova* pode designar calquera concavidade orográfica (Navaza, 2007a: 65). Neste caso estamos ante o plural de *covelo*, **Os Covelos**, no barrio de A Costeira.

Cubaceiras, As (A Costeira)

Este topónimo aparece mencionado no Catastro de Ensenada como “Colbaseiras” e figura como un dos lindes da parroquia de Quintela. A partir deste dato sospeitamos que proceda dun *corvaceiras*, logo de producirse unha lateralización (pronuncia do *r* como *l* cando está en posición final de sílaba) e unha corrección do seseo. Sendo así, o topónimo refire un terreo curvo ou arqueado.

Cupiño, O (A Costeira)

O máis probable é que se trate dun diminutivo de *cupo*, en referencia ás partes dunha herdanza que se asignan aos herdeiros. O dicionario de Marcial Valladares (1884) xa recolle esta acepción.

Eido, O (Quinteiro)

O substantivo *eido* procede do latín ADITUM, participio do verbo ADIRE “engadir”. É de uso moi común e refírese ao terreo engadido á casa que quedou dentro das terras que rodean a propiedade. Tamén pode ser a horta que existe dentro do lugar da casa ou ao seu carón (Rodríguez González, 2019: 131).

No barrio de A Costeira rexístrase **O Eido Novo**, modificado polo adxectivo *novo* que vén do latín NŎVU e no barrio de Quinteiro **O Eido, O Eido do Cura e O Eido Vello** (do latín VETULU). Ademais, neste último barrio tamén se rexistra **O Eido do Souto** (ver *Souto, O*).

Eira, A (Quinteiro)

Eira é un substantivo común galego que designa un lugar aberto, plano e de terra firme, onde se mallan os cereais e se limpan os grans. Procede do latín AREA “área” (Navaza, 2007a: 97) e é unha palabra de uso frecuente en Redondela para referirse a un terreo situado preto da casa dedicado a tarefas agrícolas.

Escampado, O (Quinteiro)

O topónimo **O Escampado** é unha variante de descampado “terreo libre de árbores, mato e vivendas” (dicionario da Real Academia Galega). Navaza (2007b: 38) apunta que probablemente se deba a que este terreo foi obxecto dunha deforestación co propósito de dedicalo ao cultivo.

Fondo do Eido, O (Quinteiro)

O Fondo do Eido é un topónimo de significado transparente composto polo substantivo *fondo* e o substantivo *eido* (ver *Eido, O*). O substantivo *fondo* provén do latín FUNDUM “fondo de calquera cousa”.

Ladeira Grande (Quinteiro)

Ladeira Grande está composto polo substantivo *ladeira* (ver *Ladeiras, As*) e polo adxectivo *grande*, procedente do latín GRANDE. **Ladeira Grande** atópase no barrio de Quinteiro, igual que **Ladeira Pequena**.

Ladeira Pequena (Quinteiro)

Ladeira Pequena está composto polo substantivo *ladeira* (ver *Ladeiras, As*) e o adxectivo *pequeno*, cuxa etimoloxía non está totalmente esclarecida, mais podería proceder dunha forma tardolatina *PITTINNU. **Ladeira Grande** atópase no barrio de Quinteiro, igual que **Ladeira Pequena**.

Ladeiras, As (Quinteiro)

O substantivo *ladeira* vén do latín tardío *lataria*, “a do lado”, do latín LATUS “lado”. Indica que está ao lado ou manifesta que é un terreo que está inclinado.

Lameira, A (Quinteiro)

Derivado abundancial de *lama*, termo de orixe prerromano e moi abundante na toponimia de Galicia. A palabra tomouna logo o latín, LAMA, co significado de “charco, lodo”. Normalmente designa un sitio húmido e con chan barrento.

A presenza e a abundancia de lama adoitan marcarse na toponimia co plural *As Lamas* ou con sufixos abundanciais *Lameiras*, *Lameiros* e *Lamegas*. Segundo o Nomenclátor de Galicia son derredor de 100 as localidades con este nome.

Na parroquia de Quintela rexístranse **A Lameira**, **A Fonte da Lameira**, **A Poza da Lameira** e o **Camiño da Lameira** no barrio de Quinteiro.

Leira, A

O significado do substantivo *leira* é o dun terreo de labranza. Con todo, aínda que o seu significado é transparente, a etimoloxía é controvertida. Como explica Cabeza Quiles (2020: 100), a primeira pro-


posta tira á voz galega *leira* da latina GLARĒA “terra areosa e estéril, terra de cascallo”, base do castelán *glera*. Esta hipótese é improbable, porque unha *leira* é todo o contrario a unha terra estéril e improdutivo. A segunda proposta parte dunha raíz indoeuropea *PLAR “chaira, solo, pavimento, campo”, afín ao latín PLANUS. Esta raíz, tras a perda do *p*- inicial normal nas linguas celtas, daría, cunha sufixación -IA, segundo Corominas e Pascual, Laria “extensión de terra llana”, o celtismo portugués e galego de onde provén *leira* e outros cognados de linguas celtas: irlandés antigo *lar*, irlandés moderno *lár*, galés *llawr*, escocés *lâr*, córnico antigo *lor*, bretón antigo *laur* e bretón moderno *lawr*; todos co sentido de “chaira, campo”. Aínda que a etimoloxía sexa celta, os topónimos que conteñen estas voces non teñen que ter súa orixe no tempo dos celtas porque *leira* é hoxe unha voz común que puido ser utilizada como nome de lugar en calquera tempo histórico.

Na parroquia de Quintela rexístranse no barrio de A Costeira, **A Leira do Canto** e **A Leira do Carreiro** e no barrio de Quinteiro **A Leira**.

Liñar de Estriga (A Costeira)

O microtopónimo **Liñar de Estriga** do barrio de A Costeira está formado polos substantivos *liñar* e *estriga*. O nome *liñar* vén do substantivo *liño*, LĪNU en latín, e fórmase a través do sufixo -ALE. Deste xeito, alude a un terreo destinado ao cultivo de liño. En canto a *estriga*, o dicionario da Real Academia Galega define esta palabra como “feixe pequeno de liño”, polo que semella un topónimo redundante.

Nun Memorial de Rendas do ano 1699 aparece mencionado *Liñar da Estriga* como se pode ver na imaxe:



Lombo, O (Quinteiro)

Os topónimos relacionados co substantivo *lombo* “costas, costado (do corpo)”, procedente do latín LUMBUM, adoitan aludir á orogra-

fía do terreo nomeando elevacións alongadas ou de pendente suave (Navaza, 2007a: 69). Adoita facer referencia a elevacións do terreo de superficie alongada e perfil curvilíneo.

É un nome abundante na toponimia galega, pois o Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta entidades de poboación que conteñen no seu nome os substantivos *lombo*, *lomba* e os seus derivados e compostos (Carrasco e Navaza, 2014: 28). **O Lombo** da parroquia de Quintela atópase no barrio de Quinteiro.

Mañó (Quinteiro)

O microtopónimo **Mañó** vén do latín *MANIOLA*, “chaira ou área plana”. Ademais deste topónimo menor, no concello de Redondela hai unha parroquia chamada *Trasmañó*, que indica que se sitúa despois de Mañó.

Minada, A (Quinteiro)

A **Minada** é un derivado do xenérico *mina* (palabra de orixe celta *MEIN* “mineral, mina”) e designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial. A **Minada** atópase no barrio de Quinteiro.

Monte, O

A palabra *monte* (do latín *MONS*, *MONTIS*) fai referencia a unha elevación do terreo, pero tamén se emprega para designar os terreos cubertos de vexetación espontánea como toxos, silvas, arbustos, fentos etc., que poden estar poboados de árbores (diccionario da Real Academia Galega).

Hai máis de 300 lugares que teñen a palabra monte na súa denominación, ben sexa en solitario *O Monte* ou como parte dun composto. Neste caso, no barrio de Quinteiro, rexístrase **O Monte do Leite**, que se chama así por ser o lugar de recollida do camión do leite e no barrio de A Costeira está **O Monte da Presa**.

O Monte do Leite é un nome formado polos substantivos *monte* e *leite* (do latín *LACTE*).

Outeiro, O (A Costeira)

A orixe etimolóxica do topónimo **O Outeiro** é controvertida. A maioría das interpretacións etimolóxicas sinalan ALTĀRĪŪ, derivado do latín ALTUS, como étimo do substantivo *outeiro* “pequena elevación do terreo illada e de pouca extensión”. Porén, outros autores sinalan que outeiro é unha formación romance a partir da raíz *outo* (< ALTU) co sufixo *-eiro* (Gómez e Méndez, 2022: 54). Este topónimo é moi frecuente en todo o territorio. O Nomenclátor rexistra máis de cincocentos lugares chamados *Outeiro*, *O Outeiro* e derivados en Galicia, cada un situado en cadanseu outeiro.

Como apelido, *Outeiro* mantén certa vitalidade principalmente nas comarcas de Bergantiños e A Barcala. Está castelanizado en *Otero*, forma que se rexistra, pola abundancia do topónimo, en case todos os concellos de Galicia, tamén en Redondela onde hai 1086 ocorrencias.

Na parroquia de Quintela tamén se rexistra **A Fonte do Outeiro** no barrio de A Costeira.

Pedreira, A / Pedreiro, O

Derivado abundancial de pedra, do latín PETRARIA (feminino) ou PETRARIO (masculino) lugar no que abunda este material ou que noutros tempos puido ser canteira. Na parroquia de Quintela atópanse dous terreos **A Pedreira** (un deles en Quinteiro e o outro entre Quinteiro e A Costeira) e un **O Pedreiro** (Quinteiro).

Peloura, A (Quinteiro)

O substantivo *pelouro* no dicionario da Real Academia Galega aparece definido como unha “pedra pequena que a erosión tornou lisa e arredondada” ou como “pedra de tamaño considerable”. Nicandro Ares (2012: 512) indica que no dicionario Xerais da Lingua se di que esta palabra ten a súa orixe en *pela* = bola < *PILELA no latín PILA= bola. Neste caso rexístrase o feminino **A Peloura** no barrio de Quinteiro.

Peroxa, A (Quinteiro)

Segundo Elogio Rivas Quintas (1982: 96) *peroxa* deriva do latín PETRA “roca, pedra”, concretamente de PETROSA. Esta forma nuns casos orixinou a forma *Pedroso*, *Pedrosa* e noutros *Peroxa*. A alteración do sufixo *-osa* a *-oxa* non é rara nestas zonas, ademais o cambio de *pedr-* a *per-* tamén se produciu no apelido *Pérez*, patronímico de *Pedro*.

Pouso, O (Quinteiro)

O substantivo *pouso* derivado do verbo *pousar*, do latín PAUSARE, ten na toponimia un sentido orográfico, xa que designa espazos chans situados nun camiño en pendente ou unha parte do camiño onde a pendente é menos pronunciada, de modo que se convertía nun lugar no que repousar para os camiñantes, os cabalos ou os carros (Navaza, 2006: 129). No barrio de Quinteiro divídese en **O Pouso de Arriba** e **O Pouso de Abaixo**.

Redondo, O (A Costeira)

O *Redondo* vén do adxectivo *redondo*, do latín RÖTUNDUS, e pode aplicarse a diferentes realidades redondas ou redondeadas, que poden ser un agro, un campo, un monte, un penedo etc.

Redondo é un apelido que se rexistra en Redondela, con 9 portadores, e pode ser que o apelido lle dera o nome ao lugar e non teña que ver coa orografía. Neste caso, rexístrase o terreo **Redondo** que parece ter unha forma un pouco redondeada e unha entidade de poboación **O Redondo**, ambos no barrio de A Costeira.

Teso, O (Quinteiro)

Este topónimo refírese a un lugar alto no campo ou un monte de mediana altura. O dicionario da Real Academia Galega defíneo como “monte de cume alongado” e como sinónimos sinala coto-cotarelo.


A forma *teso* con este significado é propia das áreas máis orientais de Galicia. Por iso debemos contemplar a posibilidade de que se refira a un terreo firme.

Veiga, A

Os topónimos *A Veiga* fan referencia a un “terreo baixo, amplo e fértil xeralmente ás beiras dun río” ou a un “terreo de cultivo”. Vén do substantivo *veiga*, considerado unha voz prelatina, crese que a orixe de *veiga* hai que buscala no ibero *VAIKA* “veiga”, de *VAI* “río” e o sufixo *-KA* “rexión do río” ou na expresión (TERRA) *(I)BAIKA “terreo á beira dunha corrente de auga”, emparentada coa voz vasca *ibai* “río”. Como sucede no caso de *val*, non é doado saber se a aplicación topónímica obedece a unha acepción topográfica ou apunta cara a unha “propiedade rústica situada nese espazo” (Marqués Valea, 2018: 160).

Na parroquia de Quintela atopamos numerosos topónimos formados polo substantivo *veiga* unido a outro elemento. Así pois, rexístranse **A Veiga da Leira, A Veiga da Porta, A Veiga da Poza, A Veiga do Crego, A Veiga do Eido, A Veiga do Medio e A Veiga Larga** no barrio de Quinteiro. No barrio de A Costeira temos **A Veiga da Poza, A Veiga das Latas, A Veiga das Magariñas, A Veiga de Abaixo, A Veiga de Arriba, A Veiga de Quintela, A Veiga de Quintela de Abaixo, A Veiga de Rosende, A Veiga de Salvador, A Veiga do Abade, A Veiga do Centeo, A Veiga do Eido, A Veiga do Monte, A Veiga Grande e A Veiga Redonda**.

A Veiga da Porta xa aparece nun Memorial de Rendas do 1699 como se pode ver na imaxe:



2. Topónimos viarios*

Camiño de (+ artigo) + nome

O substantivo *camiño*, “vía que comunica dous ou máis lugares”, é moi abundante na toponimia galega e remite a unha forma *CAMMINU, voz de orixe céltica introducida no latín (Martínez Lema, 2018: 26). A maioría dos nomes están formados polos lugares que circundan os camiños e que aparecen explicados na súa correspondente entrada.

A denominación das vías públicas no medio rural resulta problemática pola falta de correspondencia entre as novas realidades urbanas e os espazos tradicionais. En moitos casos de todo o territorio galego existen confusións por erros na rotulación, polo que ás veces hai que distinguir entre a denominación de sempre e a considerada oficial. No nomenclátor de Redondela aparecen algunhas veces distintas denominacións ás recollidas.

A forma que presenta o topónimo adoita ser (o) camiño + de (+ artigo) + nome. No barrio de Quintero temos numerosos camiños: **Camiño da Faxina, Camiño da Francesa, Camiño da Lameira, Camiño da**

* Topónimos que fan referencia ás vías de comunicación.

Marela, Camiño da Porviceira, Camiño da Veiga da Porta, Camiño das Cabritas, Camiño de Cuarto de Negros, Camiño de Pontearreas, Camiño do Campo, Camiño do Cocho, Camiño do Muro, Camiño do Pouso, Camiño dos Frades e Camiño da Fonte do Corvo.

No barrio de A Costeira están o Camiño da Fonte, Camiño da Leiteira, Camiño de Magariñas, Camiño do Carballal, Camiño do Redondo e o Camiño do Verdeal.

O Camiño dos Frades ou Camiño Vello atravesa o barrio de Quinteiro e o barrio de A Costeira.

Corincosta, A (A Costeira)

Trátase dunha forma vacilante do termo xeral *congostra* “corredoi-
ra fonda entre ribadas altas”. A partir da metátese do -r- fórmase o
termo *crongosta*, que posteriormente se transforma en *quiringosta*.
A transformación do -g- tras nasal en -c- é moi común nas zonas
da gheada e leva á aparición de quirincosta. Estes termos están rela-
cionados co adxectivo latino *angustus* “estreito, angosto” e designan
camiños fondos e estreitos (Álvarez Pérez, 2019: 252). A **Corincosta**
é unha variante de quirincosta.

A forma vacilante de *congostra* máis empregada en toponimia é
A Quiringosta, que tamén se rexistra na parroquia de Quintela (Ver
Quirincosta, A).

O Nomenclátor de Galicia recolle dous lugares *A Quiringosta* en
Vigo e na Cañiza, un *Quiringostas* en Tui. No Proxecto Toponimia de
Galicia aparecen tres camiños *A Quirincosta*, 62 zonas denominadas
A Quiringosta ou *As Quiringostas*, todos situados nesta área surocci-
dental na que se atopa tamén o concello de Redondela. Porén, non
hai ningún resultado para *A Corincosta*.

Na comarca do Morrazo, á parte de formas como *A Quiringosta*
predomina xa *A Carangosta*, pero rexístranse tamén dúas variantes
moi próximas a este topónimo: *A Corongosta*, nome dun camiño fon-
do en Aldán (Cangas) e *As Corongostas*, nome dun accidente terres-
tre no Hío (Cangas) (Sestay Martínez, 2015: 57).

Quirincosta, A (A Costeira)

Ver **Corincosta, A**.

Curva do Lugués, A (A Costeira)

O topónimo viario **Curva do Lugués** está formado polo substantivo *curva* (do latín CURVA, feminino de CURVU “curvo”) e o xentilicio *lugués*. Este topónimo vén do nome da familia que vive por riba da curva, xa en Saxamonde, que son descendentes dun home procedente de Lugo que traballou no túnel de *Os Valos* a finais do século XIX.

Paso da Faxina (Quinteiro)

Antigo paso das vías do tren.


Ponte de Quintela, A (A Costeira)

Ponte, A (A Costeira)

O substantivo *ponte*, do latín PONTEM, está moi presente na toponimia galega. Neste caso temos **A Ponte de Quintela** que fai referencia a unha construción e **A Ponte**, que se trata dunha entidade de poboación; os dous no barrio de A Costeira.



A Ponte de Quintela



3. Hidrotopónimos*

Bueu (Quinteiro)

Segundo Navaza (2006: 109), varios autores consideran como posible orixe para o topónimo *Bueu* unha raíz hidronímica céltica *BED-*BUD-, á cal tamén pertencerían outros topónimos como *Boimorto*, *Budiño*. Con esta raíz está relacionado tamén o termo latino BŪDA “espadana”, polo que a información que nos proporciona o nome é que se trata dun terreo húmido que é o hábitat propio das espadanas.

No Nomenclátor de Galicia só se recolle o *Bueu* do Concello de Bueu, mais o Proxecto Toponimia de Galicia engadiu o nome dunha tomada e dun camiño en Cangas.

Caño, O (A Costeira)

O *Caño* é un nome derivado de *cana* do latín CANNA, e vén do latín tardío CANNEUS co significado de “conduto que verte a auga” (Rivas Quintas, 19: 225). O *Caño* está no barrio de A Costeira.

Charco, O (Quinteiro)


Topónimo transparente que vén do substantivo *charco*, “depósito de auga, máis pequeno ca a charca, formado nas fochancas do te-

* Topónimos que fan referencia ás augas.

rreo cando chove” (diccionario da Real Academia Galega). Segundo Corominas (1987: 192), *charco* é de orixe incerta e comezou empregándose só no Sur de España, onde é frecuente na toponimia andaluza, manchega e portuguesa meridional. Logo probablemente se trate dunha palabra mozárabe e podería pensarse que vén do latín CIRCUS “círculo”, por conduto do mozárabe *cherco* e cunha pronunciación arcaizada *charko*.

Fontáns, As (Quinteiro)

O topónimo *As Fontáns* procede do plural do adxectivo FONTĀNUS, derivado de FÖNTE “fonte”. Así pois, o resultado esperado nesta área dialectal é *-án*, fronte a *-ao* (Fontao) que se dá nas áreas do centro de Galicia (Marqués Valea, 2018: 61). **As Fontáns** atópase no barrio de Quinteiro. No 1699 xa aparece documentado este topónimo nun Memorial de Rendas do concello de Redondela como **Lugar das Fontans**:



Fonte, A

O substantivo común *fonte* é moi común na toponimia e procede do latín FÖNTEM. Navaza (2007: 56) afirma que no Nomenclátor de Galicia son cerca de cincocentas as localidades que conteñen no seu nome este substantivo ou un derivado, e na toponimia menor é igualmente moi abundante.

Na parroquia de Quintela hai numerosas fontes. No barrio de A Costeira rexístranse o terreo **As Fontes** e as construcións **A Fonte de San Mamede de Quintela**, **A Fonte do Outeiro** (ver *Outeiro, O*), **A Fonte do Sabugueiro** e **A Fonte do Verdeal** (ver *Verdeal, O*). Para a voz *outeiro*, esta pode provir do latín hispánico *ALTARIU, voz derivada de ALTUS “alto”, aínda que tamén podería ser un derivado medieval do romance *outo* co sufixo *-eiro*, mais refírese a unha elevación do terreo.



A Fonte do Verdeal




A Fonte do Corvo

No barrio de Quinteiro temos **A Fonte da Faxina** (ver *Faxina, A*), **A Fonte da Lameira** (ver *Lameira, A*), **Fonte da Rabicha** (derivado de rabo), **A Fonte da Reguidona**, **(A) Fonte do Cocho** (ver *Cocho, O*) e **A Fonte do Corvo** (do latín *corvu*). No que se refire a esta última, no Catastro de Ensenada (1750-54) da parroquia de Quintela aparece unha mención a unha “Fuente del Corbo” que marcaba un dos límites da parroquia. Como se pode ver na imaxe esta fonte hoxe en día está moi descoidada e case non bota auga, salvo en momentos puntuais no inverno.



A Fonte do Corvo

Tamén se documenta no Catastro a “Fuente Sabugueiro” como se pode ver na imaxe:



Lagoa, A (Quinteiro)

Lagoa é un substantivo que designa unha “extensión de auga máis pequena ca un lago e de menor profundidade” e vén do latín LACUNA. Pode facer referencia a unha lagoa propiamente ou a que son terreos abundantes en auga. Na parroquia de Quintela hai un terreo nomeado **A Lagoa** no barrio de Quinteiro.

Lavadoiro

Lavadoiro (do latín LAVATORIUM) designa a “pedra plana ou táboa colocada á beira dun río, dunha pía etc., sobre a que se lava a roupa” (diccionario da Real Academia Galega). Segundo Cabeza Quiles (2020: 140), o sufixo *-oiro* (< latín -ORIUM) emprégase, unido a un verbo (neste caso *lavar*), para nomear aqueles lugares nos que se realiza a acción descrita polo verbo (así, *parladoiro*, *rapadoiro*...).



Lavadoiro da Marela

No barrio de Quinteiro temos o **Lavadoiro da Marela**, e **O Lavadoiro do Cocho** (ao carón de *A Fonte do Cocho*). No barrio de A Costeira está o **Lavadoiro do Muíño do Porto**.



Lavadoiro do Muíño do Porto

Poza / Pozo

Unha *poza* é un pequeno depósito de auga que se forma nas fochas do terreo cando chove. Tamén é unha especie de encoro pequeno e pouco fondo. Igual que o masculino *pozo* (do latín *PŪTĒU*), o feminino *poza* aplícase tamén a calquera depresión, natural ou creada polo home, que se enche de auga por efecto das chuvias ou dalgún manancial (Navaza, 2006: 117).

Na parroquia de Quintela rexístranse **A Poza da Lameira**, **A Poza de Amieiros** e **O Pozo da Mó** no barrio de Quinteiro e **A Poza da Presa** e a **Poza dos Frades** no barrio de A Costeira. Con respecto ao **Pozo da Mó**, mo vén do latín *MŌLA*, cuxo resultado común en galego é *moa*, mais na Galicia suroccidental ofrece o resultado *mó*, igual ca en portugués. Na toponimia, o nome de moa ou mó aplícase con frecuencia a elevacións ou prominencias no terreo (habitualmente penedos) que teñen forma semellante a unha *moa* (“peza dentaria”).

Regueiro do Porto, O (A Costeira).

O *Regueiro* é un topónimo derivado de *rego* (substantivo que provén do celta **REKU* “gabia” e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino *RIGARE* “regar” (Gómez e Méndez, 2022: 69) e refírese a un pequeno curso de auga ou á canle que distribúe a auga polos prados.

En canto ao segundo elemento *porto*, segundo Navaza (2007a: 51) unha das acepcións do substantivo *porto* (do latín *PŌRTU*) ten o significado de “lugar por onde un camiño supera un obstáculo da orografía do terreo ou un curso fluvial”. *Porto* aplícase habitualmente aos chamados

portos de río, é dicir, os pasos por onde o camiño cruza unha corrente fluvial, sexa mediante unha ponte, unha barca, pasais de pedras nun vao, etc. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de duascenas cincuenta localidades que conteñen o substantivo porto no seu nome.

Este nome aparece xa no Catastro de Ensenada (1750-54) como “Río do Porto”, pero nun documento de 1760 xa se menciona como “Regueiro do Porto”

Reguela, A (Quinteiro)

Este topónimo procede de *rega* e do sufixo diminutivo *-ela*. Polo tanto, refírese a un terreo de pouca rega ou un terreo pequeno de regadío.

Río San, O (Quinteiro)

No barrio de Quinteiro rexístrase este topónimo por dúas ocasións. Un fai referencia ao río e o outro é un lugar. No documento do Catastro de Ensenada de 1760 menciónase xa o “Regueiro de San”. O máis posible é que se trate dun río de “boa saúde”.

4. Fitotopónimos*

Calvar (Quinteiro)

Do adxectivo *calvo* “que perdeu o pelo na cabeza” (< latín CALVU) e o sufixo -ALE. O adxectivo calvo ten na toponimia un sentido figurado relacionado coa fitonimia “árido, estéril, sen vexetación”, aplicado ao terreo ou ás marxes dunha corrente fluvial. Eladio Rodríguez recolleu como unha das acepcións do adxectivo *calvo* a de “calvo, tratándose de un terreo, pelado, sin hierba, matas ni plantas” (Martínez Lema, 2018: 76). O Nomenclátor de Galicia recolle un lugar *O Calvar* en Moaña.

Canas, As

Topónimo que provén do substantivo *cana* (<lat. CANNA), que en galego ten un significado botánico xenérico, aplicable ao talo de diversas especies, principalmente gramíneas, polo xeral oco e nodoso, e outro máis específico como nome da cana común (Navaza, 2006: 130). Na parroquia de Quintela rexístranse dous nomes **As Canas**, un no barrio de Quinteiro e outro en A Costeira.

* Topónimos que fan referencia á vexetación.

Carballal, O (A Costeira)

Substantivo derivado de *carballo* co sufixo abundancial -ALE, que designa o bosque de carballos ou o lugar poboado de carballos. O substantivo galego *carballo*, que dá nome ao carballo común (*Quercus robur*), provén da forma *CARVALIU con base na voz prelatina *carba* “tropeza, renovo de carballo, carballo miúdo, monte baixo preferentemente de carballo” (Navaza, 2006: 151). Na parroquia de Cedeira atópanse dous lugares chamados **O Carballal**, os dous no barrio de A Costeira. O Nomenclátor de Galicia indica que hai 77 lugares chamados *O Carballal*.

Castañal, O

Castañal é un substantivo derivado do nome castaña que ten orixe no latín CASTANĒA e que, mediante o sufixo abundancial -al (do latín -ALE), forma *castañal* para designar un lugar poboado de castiñeiros, tamén coñecido como souto. Na parroquia de Quintela rexístrase **O Castañal** nos barrios de Quinteiro e de A Costeira.

Castiñeiras, As (A Costeira)


Para explicar este topónimo é preciso falar tamén do substantivo *castaña*, procedente do latín CASTANĒA, voz que á súa vez foi tomada do grego. *As Castiñeiras* é un derivado plural de *castaña* a partir do sufixo -eira (do latín -ARIA). Segundo Cabeza Quiles (2018: 48) o topónimo **As Castiñeiras** admite dous matices. En primeiro lugar, a súa forma feminina en -eira pode ter valor colectivo, co que **As Castiñeiras** se referiría a unha pequena agrupación de castiñeiros. A este respecto, o dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez dá a voz *castiñeira* coa equivalencia de “lugar o sitio donde hay algunos castaños”, significado que tamén recolle o dicionario de Franco Grande, igual a “terrenos en que hay algunos castaños que no llegan a formar souto”. Outra posibilidade é que o topónimo **As Castiñeiras** exprese o xénero dimensional, cuxo feminino nomea realidades máis grandes que o seu correspondente masculino.

Cerdeiriñas, As (A Costeira)

Topónimo formado a partir do diminutivo de *cerdeira*, do latín CERESARIA. Esta denominación da árbore é común ao galego e ao portugués, aínda que neste último é hoxe considerado como unha variante dialectal. O topónimo **As Cerdeiriñas** rexístrase no barrio de A Costeira.

Cerqueiro, O (A Costeira)

O **Cerqueiro** do barrio de A Costeira fai referencia a unha variedade de carballo. Vén do latín vulgar CERCUS ou CERQ(U)US (latín clásico QUERCUS). No concello de Redondela rexístrase o apelido



Cerqueira con 52 portadores. No 1699 xa aparece documentado o topónimo *Cerqueiros* nun Memorial de Rendas do concello de Redondela, pero seis anos mais tarde, no 1705 aparece escrito *Zerqueiros*.

Cortizos, As (Quinteiro)

O substantivo *cortizo* procede do latín CORTĪCĒU, derivado de CORTEX. Nalgunhas áreas de Galicia é a forma usada para referirse á sobreira (*Quercus suber*). Pero tamén pode designar un recipiente feito de casca de sobreira (a cortiza) ou doutros materiais, onde habitan as abellas e no que fan a cera e o mel.

Resulta curioso que o artigo estea en feminino e o nome en masculino. Pode ser que nomeara o topónimo “As Terras dos Cortizos” e se fora simplificando ata ser **As (dos) Cortizos**.

Devesa, A (Quinteiro)

O topónimo *A Devesa* procede do latín serodio *(TERRA) DEFENSA “terra coutada”, “terra ou territorio cercado”, e sinala antigas devesas ou grandes fincas pechadas que podían ser as devesas do rei e eran empregadas para a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo *A*

Devesa ten menos pretensións e sinala áreas coutadas máis pequenas, propiedade de particulares (Cabeza Quiles, 2018: 65).

Todos os microtopónimos formados polo termo *devesa* atópanse no barrio de Quinteiro. Así pois, rexístrase **A Devesa**, **A Devesa Vella** dúas veces (do latín *VETULA*, derivado de *VETUS*, -ERIS “vello”), **A Devesa da Poza**, **A Devesa Grande** (adxectivo do latín *grande*), **A Devesa Pequena** (adxectivo cuxa etimoloxía non está totalmente esclarecida, mais podería proceder dunha forma tardolatina **PITTINNU*). Tamén **A Devesa do Regueiro**, **Devesa do Pouso**, e **A Devesa da Porviceira**.

Herbal dos Quijeiro, O (A Costeira)

O microtopónimo **O Herbal dos Quijeiro** está formado polo substantivo *herbal* e o nome *Quijeiro*. O substantivo *herba* (<lat. *HĒRBA*) é unha voz común que designa os pastos e en xeral toda clase de planta herbácea. Neste caso estamos ante o derivado *herbal* formado polo sufixo -ALE, que é común como topónimo nas áreas occidentais (Navaza, 2006: 301). En canto ao segundo elemento, *Quijeiro* é un apelido que en toda Galicia só conta con representación nas cidades de Redondela (37 apelidos) e Vigo (11 apelidos). Polo tanto este nome indica que o *herbal* é dunha familia co apelido *Quijeiro*

Horta, A (Quinteiro)

Unha *horta* fai referencia a un terreo cerca da casa no que se cultivan legumes, verduras e hortalizas e, nalgúns casos, árbores froiteiras. O masculino *horto* procede do latín *HORTU* “xardín”, e o feminino *horta* (do latín *HORTA*) constitúe un aumentativo-colectivo, que é común aos romances hispánicos e á lingua de occidente. A forma en feminino é moito máis común na toponimia que o masculino *horto*.

Millerada, A (Quinteiro)

É un topónimo común en galego pero de orixe escuro. Podería ser derivado do numeral *mil* ou ben do substantivo *millo* (do latín *MĪLLŪ*).

Gonzalo Navaza (2006: 353) indica que parece que este nome non garda relación co substantivo *millo*, senón que fai referencia a unha

demarcación dunha propiedade. Así pois, pode referirse a unha leira (*a*)*millarada*, do latín MILLE “mil”, no sentido de estar delimitada ou parcelada para preservar a súa propiedade e/ou para efectos contributivos. **A Millerada** é un terreo situado no barrio de Quinteiro.

Miraflores (Quinteiro)

Nome composto formado polo verbo *mirar* e o plural do substantivo *flor*. Flor vén do latín FLŌRE e a maioría dos topónimos que se atopan relacionados con *flor* e os seus derivados son cultismos ou semicultismos. Isto é, non presentan a palatalización do grupo inicial *fl-* que se produciu no paso do latín ao galego e que daría lugar á africada correspondente coa grafía *ch-*, como por exemplo en *chorima* (Navaza, 2006: 276).

Nogueiriñas, As (Quinteiro)

O nome **As Nogueiriñas** é un diminutivo de *nogueira* a partir do sufixo -ĪNA, que se refire a un exemplar ou a un colectivo da árbore que dá nozes, que en latín se chamaba NUCARIA (formado a partir do sufixo -ARIA, do latín NUX, NŪCIS “noz”).

Panasca, A (Quinteiro)

A **Panasca** do barrio de Quinteiro semella o feminino de panasco, nome galego de diversas especies de gramíneas silvestres. O Padre Sarmiento (citado en Navaza, 2007: 109) explica que “en Pontevedra llaman panasco a un terrón o césped que tiene matica de yerba, y que, cuando está seca, sirve para la lumbre; y de un terreno que está lleno de hierba se dice que tiene mucho y buen panasco”. Parece unha palabra de orixe prerromana, pero Corominas (DCECH, s.v. paño) considera este substantivo galego un derivado do latín PANNUS “pano, farrapo”.

Pumar, O (A Costeira)

O **Pumar** é un derivado do substantivo *pomar*, que designa un “terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras” (diccionario da Real Academia Galega). Procede do latín po-

MARE, variante de POMALE. En galego aínda está vivo o significado xenérico de “horta con árbores froiteiras” e é este o significado co que aparece nos documentos medievais. Así, no Tombo de Celanova, nun folio do ano 961 dise: “*ipsum pummarem cum suo terreno et suas mazanarias*” (Navaza, 2006: 426).

Na parroquia de Quintela rexístrase **O Pumar** dúas veces no barrio de A Costeira.

No Nomenclátor de Galicia aparecen 25 lugares denominados **O Pumar** e outros 58 que conteñen o substantivo: sen artigo (*Pumar*), coa forma diminutiva (*O Pumariño, Pumarín*) e outros (*Pumares, A Veiga do Pumar* etc.).

Salgueiral, O (Quinteiro)

O substantivo *Salgueiral* vén do latín SALĬCARIALE, e é un derivado colectivo do latín SALIX “salgueiro”. O Nomenclátor de Galicia recolle nove lugares chamados (*O*) *Salgueiral*. **O Salgueiral** da parroquia de Quintela atópase no barrio de Quinteiro.

Souto, O

Souto vén do latín SALTU, que tiña en orixe un significado oronímico de “desfiladeiro, quebrada” e outro fitonímico “pastizais con bosque” (Navaza, 2006: 513). O nome indica que habería, no momento do nacemento dos topónimos, un souto de castiñeiros ou de castiñeiros e carballos mesturados. Segundo Cabeza Quiles (2018: 172), a castaña tivo moita importancia como alimento en Galicia, antes da chegada da patata americana de alén mar, e fixo que fose chamado nun principio castaña da terra ou castaña mariña. O topónimo *Souto*, *O Souto* e derivados é moi numeroso na nosa terra.

En canto a **O Souto do Conde**, este é un nome composto formado polos substantivos *souto* e *conde*. Este último vén do latín COMITE “acompañante” e co sentido de “acompañante do rei ou o do emperador” comezou a adquirir na Idade Media o significado nobiliario que segue a ter na actualidade. Probablemente foran propiedades do Conde de Torrecedeira que tiña o pazo na parroquia de Cedeira.

Verdeal, O (A Costeira)

Segundo Gonzalo Navaza (2006: 554) os topónimos como *Verdeal* ou *Verdeás* non son colectivos de *verza* (VIRDIA, colectivo > VIRDIA-LE), senón adxectivos de cor verde con ese mesmo sufixo. *Verdeal* aparece definido nos dicionarios como “verdoso, que tira a verde”. Así pois vén do adxectivo *verde*, no latín VĪRĪDE, que ten moita presenza na toponimia e en todos os casos debeu aludir en orixe á flora do lugar. Na parroquia de Quintela temos **O Verdeal**, a **Fonte do Verdeal** e o **Camiño do Verdeal**.

Viña, A

O substantivo *viña*, do latín VĪNĒA, fai referencia a un terreo plantado de vides. Nos sitios nos que a climatoloxía o permite, a viña foi e segue sendo intensamente cultivada desde a Idade Media. Así pois, nas ribeiras do río Sil, do Miño, do Avia, do Támeiga, do Arnoia e noutros constituíuse como a actividade agrícola máis importante (Navaza, 2006: 559).

No barrio de Quintero rexístrase **A Viña Ancha**, formada polo substantivo *viña* e o adxectivo *ancha*, que procede do latín AMPLU “largo, amplo, espazoso” e fai referencia por tanto ao tamaño da viña que lle deu nome ao lugar. Tamén se rexistra **A Viña Branca** co mesmo substantivo e o adxectivo xermánico branca (blank “branco, brillante”), introducido no latín desde época temperá.



5. Topónimos relacionados cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas

Casa, A (A Costeira)

O substantivo *casa* (< latín CASA) ten presenza na toponimia, en ocasións para designar paraxes onde non hai na actualidade edificación ningunha, pero si houbo no pasado.

Neste caso, **A Casa da Barreira** (no barrio da Costeira) fai referencia a unha construción. *Barreira* é un lugar no que abunda o barro ou onde se extrae como materia prima para elaborar obxectos de cerámica ou material de construción. A palabra *barro*, de orixe prerromana, é sinónimo de *arxila*. Ademais, *A Barreira* é un alcume derivado, quizais, do apelido *Barreiro*.

Casa do Fogueteiro tamén fai referencia a unha construción e o nome de *Fogueteiro* é o alcume da persoa que vive nesa casa derivado da súa profesión.

A Casa Nova, pola contra, fai referencia a unha terra de labor.

Colexio de Quintela (A Costeira)

Igrexa de San Mamede de Quintela (Quinteiro)

Muíño (A Costeira)

A palabra *muíño* vén do latín tardío MŎLĪNU (de MOLERE “moer”) e indica a presenza desta construción na zona. Na parroquia de Quintela hai dous muíños situados no barrio de A Costeira.

O **Muíño da Coutada** está relacionada co participio *coutada*, do verbo *coutar*, creado a partir de *couto*, do latín CAUTU (participio de CAVERE “protexer, defender, coidar”). Fai referencia a parcelas de monte que foron cercadas e apropiadas para uso privado. Por este motivo, adoitan estar localizadas nas lindes do monte comunal.

O **Muíño de Magariñas** fai referencia á propiedade de quen era o muíño. *Magariños* é un apelido de orixe toponímica e procede do concello de Valga, do lugar chamado co mesmo nome: Magariños.


Quinteiro

O topónimo **Quinteiro** corresponde co latín QUINTANĀRIU, derivado de QUINTĀNA e pode referirse a un “espazo situado entre edificacións” ou a un “conxunto de varias casas que forman un grupo separado dentro da aldea”.

Segundo o Nomenclátor de Galicia hai 25 lugares en Galicia coa palabra *quinteiro* no seu nome e tamén aparece en Portugal. Trátase dun dos barrios principais da parroquia de Quintela.

Tellados, Os (A Costeira)

Tellado é o participio do verbo *tellar* (< lat. TEGULARE) e ten presenza relativamente común na toponimia galega, por referencia a construcións cubertas de tella (e non de colmo ou de lousa) (Navaza, 2007a: 146). Neste caso preséntase o nome en plural **Os Tellados**, no barrio de A Costeira. No 1699 xa aparece documentado este topónimo nun Memorial de Rendas do concello de Redondela como “heredad do tellado”:



6. Zootopónimos*

Grilo, O (Quinteiro)

Topónimo transparente formado polo substantivo *grilo*, do latín GRYLUM. É un “Insecto da orde dos ortópteros, saltador, duns tres centímetros de tamaño e de cor negra, que se caracteriza porque o macho produce un son monótono ao fretar os élitros” (diccionario da Real Academia Galega).

Palomar, O (A Costeira)

Os derivados do substantivo *pomba* (do latín PALUMBA) son bastante frecuentes na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de 40 localidades chamadas (O) *Pombal*, *Pombar*, *Pombeiro* etc. Gonzalo Navaza (2007a: 143) indica que o uso de *pomba* quedou restrinxido para falar só das pombas bravas, mentres que para as de cría e as pombas urbanas emprégase o termo do castelán *paloma*. Así pois, este está presente de xeito esporádico na toponimia como é o caso deste microtopónimo do barrio de A Costeira **O Palomar**.

* Topónimos que fan referencia á fauna.

Picorro, O (Quinteiro)

No barrio de Quinteiro rexístranse tanto **O Picorro** como **O Picorro de Juan**. O máis probable é que proceda de *pico*.


7. Haxiotopónimos*

Frades, Os (Quinteiro)

O feito de que os primitivos creadores do topónimo *Frades*, do latín FRATRE “irmán de relixión, monxe, frade”, empregasen esta palabra para identificar este lugar, é unha proba inequívoca de que a freguesía tivo algún tipo de relación cunha antiga orde relixiosa (Cabeza Quiles, 2018: 73).

Este sitio da parroquia de Quintela, no barrio de Quinteiro, recibe este nome por unha historia que tivo lugar alí sobre a morte dun frade. Nun Memorial de Rendas de 1699 xa se menciona:

No Nomenclátor de Galicia rexístrase o concello de *Frades*, ademais de catro parroquias e catro lugares do mesmo nome, e dous lugares *O Frade*.



* Topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos.

Igrexario, O (entre A Costeira e Quinteiro)

Igrexa, do latín vulgar ECCLESIA “assemblea, reunión de fieis”, refírese á igrexa, centro de reunión dos fregueses á hora da misa. Neste caso estamos ante un derivado, *Igrexario*. Como curiosidade, as evolucións patrimoniais galegas comúns a partir de *ecclesia* son, con ou sen artigo, *Eirexa*, *Eirexe*, *Irexe*, *Irexa*, *Grixa*, *Airexa*, *Airexe*, comúns na toponimia galega.

O **Igrexario** é un lugar situado entre o barrio de Quinteiro e o de A Costeira, mais que se sitúa lonxe da igrexa parroquial. Pode facer referencia a terras que lle pertenceron a esta institución.

Monxas, As (Quinteiro)

Monxe vén do latín MONĀCHU e este vén do grego ΜΟΝΑΚΗΟΣ “único, solitario”. O castelán tomouno do occitano antigo *monge*, onde resulta da evolución normal de MONICUS, forma vulgar empregada no canto do latín MONACHUS (Corominas dicionario breve). Neste caso temos o topónimo en plural **As Monxas** e pode que faga referencia a unhas terras que antigamente eran das monxas.

8. Antropónimos*

A+ de (+ artigo) + nome

Os topónimos que se compoñen de a de (artigo + prep), a do (artigo + contracción de preposición + artigo) fan mención aos propietarios das parcelas, ben sexa polo seu nome, apelido, alcume, profesión, hipocorístico ou sobrenome.

No barrio de Quinteiro temos **A da Mó**, **A da Toupeira**, **A do Xirelo** e **A dos Salgueiros**. No barrio de A Costeira rexístranse **A da Marrueca**, **A da Naira**, **A de Canales**, **A do Bispo**, **As das Ánimas** e **As do Mono**.

Agustinas, As (Quinteiro)

Derivado feminino do nome masculino Agustín (en castelán), que deriva de AUGUSTINUS, do latín AUGUSTUS “de bo agoiro, venerable”. Probablemente faga referencia a unhas terras que eran propiedade de *Agostiña*.

Segundo a *Guía de nomes galegos* (Boullón Agrelo) Santo Agostiño (354-430), bispo de Hipona (norte de África), foi un dos catro doutores da Igrexa latina. Antes da súa tardía conversión ao cristianismo fora seguidor do maniqueísmo. Relacionouse co presbítero

* Topónimos que fan referencia ao nomes de propietarios ou de posesor.

galaicorromano Paulo Orosio, un dos grandes escritores en latín da antiga Gallaecia. Escribiu *A cidade de Deus* e defendeu a síntese entre a cultura clásica e a cristiá. Era unha época na cal os intelectuais pagáns crían que o avance do cristianismo era debido ás desgrazas e calamidades do momento, como a invasión dos pobos “bárbaros”. Para rebater estas opinións, Agostiño animou o historiador galaico a escribir unha historia universal na que demostrase, entre outras cousas, que as calamidades viñan desde tempos inmemoriais.

Couñagas, As (Quinteiro)

Couñago é un apelido galego que ten a súa maior representación na vila de Redondela con 1010 apelidos. Neste caso, como está en feminino, pode designar *As terras de Couñago* o que evolucionou cara a **As Couñagas**. Este apelido aparece mencionado no Catastro de Ensenada (1750-54) pola mención a Juan Couñago, que notifica no documento que nese momento tiña un muíño na súa propiedade.

No Nomenclátor de Galicia rexístrase un lugar en Fornelos de Montes chamado *Couñago* na parroquia de As Estacas.

Cristina, A (Quinteiro)

Este nome recollido no barrio de Quinteiro probablemente faga referencia á propietaria da terra. *Cristina* é un nome cristián testemuñado xa no século IV; é unha derivación do nome de *Cristo*. *Christinus* é un par léxico de *Christianus* (do latín *CHRISTIANUS* e este do grego *KHRISTIANÓS* “seguidor de Cristo”), se ben este funciona só como adxectivo e aquel só como nome persoal, que, nos primeiros séculos, era case como un segundo nome obrigatorio de todos os cristiáns, secreto por causa das persecucións. Só pasou a ser nome independente tras a lei de Constantino grazas á cal o cristianismo deixou de estar proscrito (Boullón Agrelo, *Guía de nomes galegos*).

Chinchorro, O (A Costeira)

O substantivo *chinchorro* aparece no dicionario da Real Academia Galega definido como “bote auxiliar de pequeno tamaño que se pode levar a bordo dunha embarcación máis grande, utilizado xeralmente

para servizo nos portos” ou “aparello de arrastre con cope redondo semellante á desaparecida xávega, co que se traballa nas rías e particularmente nas praias”. O máis probables é que neste caso se trate do alcume do propietario deste terreo.

De Araúxo (A Costeira)

Bascuas (2006: 45), considera que é un hidrónimo que deriva de *Araugio* > *Araúxo*, que viría dun río *Arakos*. Con todo, podería ser que neste topónimo do barrio de A Costeira se tratase do apelido da persoa propietaria do terreo, só que o primeiro elemento se perdeu (terra) de Araúxo.

O Nomenclátor de Galicia recolle o topónimo *Araúxo* nos concellos de Maceda e de Lobios. A forma *Araujo* rexístrase como apelido en varias zonas de Galicia; en concreto, en Redondela ten 186 ocorrencias.

Faxina, A (Quinteiro)

A forma en feminino parece designarnos *As terras de Faxina* e que evolucionou a unha simplificación cara a **A Faxina**. Na Cartografía de Apelidos Galegos o apelido *Faginas* concéntrase na súa práctica totalidade nos concellos de Vigo e Redondela.

Ferreiros, Os / Ferreiras, As

Este topónimo é o plural do substantivo común *ferreiro* “o que ten por oficio traballar o ferro”, derivado de *ferro* e correspondente ao latín *FERRARIU*. Normalmente indica a profesión dos antigos propietarios ou habitantes do lugar (López Boullón, 2019: 50).

Na documentación medieval rexístranse moitos topónimos: *Ferreyros* (1176), *Ferrarios* (1227), *Ferrariis* (1228), *Ferreiros* (1232) e outros que se poden ver no CODOLGA.

Neste caso temos o nome en masculino no barrio de A Costeira e en feminino no barrio de Quinteiro. No Nomenclátor de Galicia aparecen sete parroquias co nome de (*Os*) *Ferreiros* e outras sete co nome de (*As*) *Ferreiras*; 46 lugares denominados *Os Ferreiros* ou *Ferreiros* e 40 coa variante feminina *Ferreira*.

Francota, A (Quinteiro)

Este topónimo procede do antropónimo *Franco* ao que se lle engade o sufixo *-ota* con valor aumentativo (sería do tipo *Marco-Marcote*, como se recolle en Vigo). Por tanto, este era un terreo propiedade dun tal Franco.

Friáns (Quinteiro)

Friáns é un antropónimo de orixe xermánica formado pola voz gótica FRAUJA- “señor” (HGN). Segundo Nicandro Ares (2012: 266), *Friáns* debeu ser inicialmente unha *Villa Froianes*, é dicir, unha Vila do Señor.

Leiteira, A (A Costeira)

Este microtopónimo deriva do substantivo *leite*, (do latín LACTE), mediante o sufixo *-eira* (-ARIA). Fai referencia ao oficio que desempeñaba a persoa propietaria.

Loroña, A (Quinteiro)

A forma en feminino parece designarnos *As terras de Loroño* e que evolucionou a unha simplificación cara a **A Loroña**; é dicir, a terra é propiedade dunha persoa que se apelida Loroño. Na Cartografía de Apelidos de Galicia os poucos exemplos deste apelido recóllense na Coruña, Vilagarcía de Arousa e Vigo. Tamén cómpre dicir que existe o topónimo Loroño no municipio de Zas e de Leroño (como variante) no municipio de Rois.

Maricán, A (Quinteiro)

Marica é unha forma hipocorística ou variante de chamar a María. Neste caso estamos ante o microtopónimo *A Maricán*, que remata en *-n*.

Mariñeira, A (Quinteiro)

Este topónimo dá nome a unha porción de terra. Hai dúas explicacións para esta forma (Rodríguez González, 2019: 136): unha delas é que tomara este nome do alcume dunha antiga propietaria que fora dalgunha parroquia costeira (da *Mariña*); outra posibilidade é que o

microtopónimo se refira a unha *mariñeira*: carro cargado de esterco que se apañaba no monte e se vendía despois nas parroquias do litoral.

Mide (Quinteiro)

O nome *Mide* constituiría unha abreviación de VILLA MITI, presente en topónimos coma *Vilamide*, no concello de Pol. Así pois, estamos ante un nome gótico de posuidor MITUS (HGN).

Novelle (Quinteiro)

Pode pensarse que *Novelle* procede do nome de posesor NOVELLUS, NOVELLIUS. Por outro lado, tamén pode vir de *Lobelle*, topónimo que vén dun antropónimo visigodo formado de LEUBA “amor”. A evolución l > n inversa que se observa en *lebuçao* < *nepotiani*, tería un paralelo en *Nevogilde* < *Leovegildi* (Piel, 1947: 339). No barrio de Quinteiro atópanse **Novelle de Arriba** e **Novelle de Abaixo**.

Pescadora, A (Quinteiro)

O microtopónimo **A Pescadora** deriva de pescar, do latín PISCĀRE, xunto co sufixo de oficio *-dor*, neste caso en feminino.

Pintora, A (A Costeira)

Pintora probablemente faga referencia ao oficio da persoa propietaria. Trátase do feminino de pintor, que vén do latín vulgar *PINC-TOR.

Xoán de Abaixo (Quinteiro)

Este topónimo menor do barrio de Quinteiro está relacionado co nome de propietario Xoán. Boullón Agrelo (*Guía de nomes galegos*) indica que Xoán procede do hebreo *Yohanan* ou *Yehohanan*, que significa “Deus é misericordioso”. Pasou ao grego como *Ioánnes* e ao latín como *Iohannes*. Posiblemente sexa este, xunto con *María*, un dos nomes con máis vitalidade nos últimos dous mil anos, non só en Galicia senón en todo o mundo occidental. Boa proba son as variantes e combinacións que admite en todas as linguas e a gran

cantidade de tradición oral que atesoura. Tamén deu orixe a varios apelidos, entre os que están *Anes*, *Oanes* e *Eanes*. O culto do santo é moi antigo: é o quinto en número de advocación, en 236 parroquias, coas formas *San Xoán* ou as populares *Seoane*, *Seivane*, *Sevane*, que tamén produciron apelidos; deles, o apelido *Seoane* é un dos 50 máis frecuentes.

9. Outros

Almenas, As (Quinteiro)

É un topónimo de orixe incerta. Existen dúas posibles explicacións: que proceda do artigo árabe al- e do latín MINAE “almenas”. En galego recibe o nome de *amea*, “cada un dos saíntes en forma de prisma nos que remata a parte superior das murallas, castelos etc., que serve como defensa ou ornamento”. Ou trataríase dun alongamento -m da raíz AL-, relacionada con unha raíz *el-/*ol- “fluír”. Con este alongamento reconstrúe Krahe un tema Alm- con numerosos derivados en toda Europa. Almena probablemente sexa unha alternancia etimolóxica de **alme(n)eto*, a partir do mesmo tema que os hidrónimos *Almana* ou *Almina*, rexistrados por Krahe. (Bascuas 2002: 285). Hidrónimo?

Arcal, O (Quinteiro)

Nome derivado en -ALE, a partir do termo latino arca “cofre, caixa”, que compón o termo **Arcal** do barrio de Quinteiro. A *arca* tamén pode referirse a un enterramento arqueolóxico.

Cacho, O (A Costeira)

Cacho vén do latín CAPŪLU, de CAPĒRE “coller”, e fai referencia a unha porción pequena dalgunha cousa, neste caso de terra. Na pa-

rroquia de Quintela rexístranse **O Cacho da Duca**, **O Cacho da Poza** e **O Cacho de debaixo da Ventana**, todos no barrio de A Costeira.

Cebolana, A (Quinteiro)

A **Cebolana** é un derivado de cebola, que procede do latín CEPŪLLA “cebolleta”, diminutivo de CEPA “cebolla”.

Cuarto de Negros (Quinteiro)

Cuarto é un numeral partitivo que adoita facer referencia na toponimia a terras que pagaban de renda a cuarta parte do seu produto. A orixe do nome *Negros* está no latín NIGROS (de NĪGER “negro”), referido posiblemente aos habitantes do lugar en referencia á súa pel escura ou outra motivación relativa á cor.

Finca, A

O substantivo *finca* é considerado en galego un castelanismo. Todas estas fincas facilmente poderían ser chamadas só mediante o nome ou alcume da persoa propietaria: “A da Bailera”, “A de Manolito”, “A do Bixairo”. Porén, neste caso mantívose o substantivo referente á parcela que posúe a persoa: *a finca*. Para **A Finca da Bailera**, topónimo do barrio de A Costeira, rexístranse outros nomes como **A Finca do Vailer** ou **A Finca do Veiler**.

Gugurugú (Quinteiro)

É probable que este topónimo teña relación co monte Gurugú (Marrocos, na fronteira con Melilla), ao que se lle engadiría unha forma gu a maiores. Trataríase dun topónimo exótico posiblemente relacionado coa Guerra de Marrocos.

Tamén existe a posibilidade de estarmos ante un topónimo onomatopéico; é dicir, un topónimo que imitase o son dun paxaro.


Lugar + de

O termo *lugar* vén do latín LOCALEM “local, propio do lugar”, derivado de locus “lugar”. Rodríguez González (2019: 153), sinala que en galego ten diferentes significados “núcleo pequeno de poboación

en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural”, “conxunto formado por unha vivenda e as terras de cultivo”, “terras contiguas a unha casa, que xunto con ela forman unha única superficie separada do exterior por medio dunha parede” ou coa indicación sobre unha posición relativa. No caso da parroquia de Quintela rexístranse lugares cos distintos significados.

A palabra *lugar* foi quedando fixada na toponimia local, xa que serve para identificar as parcelas que aparecen vinculadas cos propietarios, cos alcumes familiares e cos sitios nos que se atopan.

No barrio de Quinteiro rexístranse co significado de “terras contiguas a unha casa”: **O Lugar da Devesa** (ver Devesa, A), **Lugar de Novelle** (ver Novelle de Arriba), **Lugar de Peluca**, **Lugar do Santo** e **O Lugar Vello**. Co significado de conxunto de casas atópanse o Lugar do Pumariño (ver Pumar, O) e o **Lugar da Igrexa**. Nun Memorial de Rendas do ano 1699 aparece mencionado **Lugar do Pumariño**:



No barrio de A Costeira hai lugares que indican unha posición relativa: **O Lugar do Muíño do Porto** e **O Lugar do Surrego** (su < SUB “debaixo”, polo que o significado sería “por baixo do rego”). Neste mesmo barrio está o **Lugar da Coutada**. O substantivo coutada é o participio do verbo coutar, creado a partir de couto (do latín CAUTU, participio de CAVERE “protexer, defender, coidar”). Un couto é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición. Polo tanto, **O Lugar da Coutada** fai referencia a parcelas do monte que foron privatizadas e adoitan lindar co monte comunal.

Marela, A (Quinteiro)

Este topónimo é un derivado do adxectivo do latín hispánico AMARELLUS, A, UM “amarelo”. Probablemente teña algo que ver coa cor. No barrio de Quinteiro atopamos **A Marela** e **A Marela das Pedras**.

Muro, O (Quinteiro)

Microtopónimo transparente que vén do substantivo *muro*, do latín MURUS.

Pardiñeiros, Os (A Costeira)

Pardiñeiro é un nome común galego que designa os restos dunha construción arruinada, e procede do latín PAR(I)ETINARIUM “muros e ruínas de edificacións vellas” (Carrasco e Navaza, 2014: 127). Neste caso estamos ante o plural **Os Pardiñeiros** en referencia a dous terreos do barrio de A Costeira.

Torreiro, O (A Costeira)

A pesar da aparente relación con *torre*, os substantivos *torreiro* e *turreiro* presentes na toponimia adoitan ser variantes de *terreiro*, derivado de *terra*. Estes substantivos nomean espazos abertos, habitualmente chans e de uso público, con frecuencia nas inmediacións da igrexa parroquial, mais este nome rexistrado no barrio de A Costeira non se atopa preto dela.

Gonzalo Navaza (2007a: 101) indica que nalgunhas áreas de Galicia as palabras *torreiro* e *turreiro* significan “o campo da festa”. En portugués, *terreiro* significa *praza* ou *campo*. A alteración de *terreiro* en *torreiro* é paralela da que se dá no adxectivo *terroso*, que na toponimia adoita presentar a forma *torroso*.

10. Topónimos escuros*

Baleiras, As (A Costeira)

Belute (Quinteiro)

Deridana, A (Quinteiro)

Enerigado (A Costeira)

Entonado (Quinteiro)

Monica, A (Quinteiro)


Pés de Alonso, Os (A Costeira)

Polvixeira, A (Quinteiro)

Pulvixeira, A (Quinteiro)

Ridosas, As (Quinteiro e A Costeira)

* Topónimos de motivación descoñecida.



Bibliografía

Álvarez Pérez, Marta (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Bem-brive*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Ares Vázquez, Nicandro (2012): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega, vol 1.

Bascuas, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro.

Boullón Agrelo, A. I. (coord.): *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/nomes>> [Consultado: <27/07/2022>]

Cabeza Quiles, Fernando (2018): *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada. [15/06/2021].

Carrasco, Lorena e Navaza, Gonzalo (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Catastro de Ensenada = Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada (1750-1754)* [web]. [Madrid]: PARES.

Corominas, Joan (1987): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Editorial Gredos.

Gómez, Lidia e Méndez, Luz (2022): *Toponimia de Tordoia*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

HGN = Piel, Joseph M. / Kremer, Dieter (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

López Boullón, Xosé Ramón (2019): *Toponimia de Ames*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra nomeada. [Consultado: 27/07/2022].

Marqués Valea, Xulia (2018): *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Martínez Lema, Paulo (2018): *Toponimia de Begonte e Rábadede*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada. [27/07/2022].

Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas* na documentación do tomo de Toxos Outos (séculos XII-XIV). Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía.

Memorial de Rendas para 1699 = Convento de Vilavella de Redondela (Pontevedra). *Memorial cobrador de rentas para 1699*. Arquivo Histórico Nacional. <<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/3537522?nm>>.

Méndez Fernández, Luz (2016): *Toponimia de Agolada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Navaza, Gonzalo (2007a): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

Navaza, Gonzalo (2007b): “Topónimos da parroquia de Rebordechán” en Rebordechán. A Nosa Memoria. Proxecto Toponimia de Galicia.

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. [19/08/2022].

Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de possessores latino-cristiãos na toponímia asturogalego-portuguesa”, *Biblos XXIII*, 143-202 e 283-407.

Rivas Quintas, Elogio (1982): *Toponimia de Marín*.

Rodríguez González, Afonso Salvador (2019): *Toponimia do Val de Frago: Candeán*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Sestay Martínez, Iván (2015): *Toponimia do Val de Frago: Freixeiro e Sárdoma*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.



Índice

A da Marrueca (A Costeira)
A da Mo (Quinteiro)
A da Naira (A Costeira)
A da Toupeira (Quinteiro)
A de Canales (A Costeira)
A do Bispo (A Costeira)
A do Xirelo (Quinteiro)
A do Xirelo (Quinteiro)
A dos Salgueiros (Quinteiro)
Agustinas, As (Quinteiro)
Almenas, As (Quinteiro)
Arcal, O (Quinteiro)
As das Ánimas (A Costeira)
As do Mono (A Costeira)
Barleiras, As (A Costeira)
Belute (Quinteiro)
Bueu (Quinteiro)
Bueu (Quinteiro)
Cabritas, As (Quinteiro) (+ nomes)
Cabrito, O (Quinteiro)
Cacho da Duca, O (A Costeira)

Cacho da Poza, O (A Costeira)
Cacho de debaixo da Ventana, O (A Costeira)
Cadabulla (A Costeira)
Calvar (Quinteiro)
Camiño da Faxina (Quinteiro)
Camiño da Fonte (A Costeira)
Camiño da Fonte do Corvo (Quinteiro)
Camiño da Francesa (Quinteiro)
Camiño da Lameira (Quinteiro)
Camiño da Leiteira (A Costeira) (+ nomes)
Camiño da Marela (Quinteiro)
Camiño da Porviceira (Quinteiro) (+ nomes)
Camiño da Veiga da Porta (Quinteiro)
Camiño das Cabritas (Quinteiro)
Camiño das Cabritas (Quinteiro)
Camiño de Cuarto de Negros (Quinteiro)
Camiño de Magariñas (A Costeira)
Camiño de Pontearreas (Quinteiro) (+ nomes)
Camiño do Campo (Quinteiro)
Camiño do Carballal (A Costeira)
Camiño do Carballal (A Costeira)
Camiño do Cocho (Quinteiro)
Camiño do Muro (Quinteiro)
Camiño do Pouso (Quinteiro)
Camiño do Redondo (A Costeira)
Camiño do Verdeal (A Costeira)
Camiño dos Frades (Quinteiro)
Camiño dos Frades ou Camiño Vello (Quinteiro)
Campiño, O (A Costeira)
Campo de José do Adro (Quinteiro)
Campo de Rosende, O (A Costeira)
Campo, O (A Costeira)
Campo, O (Quinteiro)
Canas, As (A Costeira)
Canas, As (Quinteiro)
Caño, O (A Costeira)

Carballal, O (A Costeira)
Carballal, O (A Costeira)
Casa da Barreira (A Costeira)
Casa do Fogueteiro (A Costeira)
Casa Nova, A (A Costeira) (terra)
Castañal, O (A Costeira)
Castañal, O (Quinteiro)
Castañal, O (Quinteiro)
Castiñeiras, As (A Costeira)
Cebolana, A (Quinteiro)
Cerdeiriñas, As (A Costeira)
Cerqueiro, O (A Costeira)
Chan de Barros (Quinteiro)
Chan, A (A Costeira)
Charco, O (Quinteiro)
Chinchorro, O (A Costeira)
Cocho do Muíño, O (Quinteiro)
Cocho, O (Quinteiro)
Cocho, O (Quinteiro)
Cocho, O (Quinteiro)
Cocho, O (Quinteiro)
Colexio de Quintela (A Costeira)
Corincosta, A (A Costeira)
Cortiñas, As (A Costeira)
Cortizos, As (Quinteiro)
Costa da Forca, A (Quinteiro)
Costa, A (Quinteiro)
Costa, A (Quinteiro)
Costeira, A
Costiña, A (A Costeira)
Costiña, A (Quinteiro)
Coto de Lobeira, O (Quinteiro)
Couñagas, As (Quinteiro)
Coutada, A (A Costeira)
Covelos, Os (A Costeira)
Cristina, A (Quinteiro)

Cuarto de Negros (Quinteiro)
Cubaceiras, As (A Costeira)
Cupiño, O (A Costeira)
Curva do Lugués (A Costeira)
De Araúxo (A Costeira)
Derindana, A (Quinteiro)
Devesa da Porviceira, A (Quinteiro)
Devesa da Poza, A (Quinteiro)
Devesa do Pouso (Quinteiro)
Devesa do Regueiro, A (Quinteiro)
Devesa Grande, A (Quinteiro)
Devesa Pequena, A (Quinteiro)
Devesa Vella, A (Quinteiro)
Devesa Vella, A (Quinteiro)
Devesa, A (Quinteiro)
Eido do Cura, O (Quinteiro)
Eido do Souto, O (Quinteiro)
Eido Novo, O (A Costeira)
Eido Vello, O (Quinteiro)
Eido, O (Quinteiro)
Eira, A (Quinteiro)
Enerigado (A Costeira)
Entonado (Quinteiro)
Escampado, O (Quinteiro)
Faxina, A (Quinteiro)
Ferreiros, Os (A Costeira)
Ferreiras, As (Quinteiro)
Finca da Bailera, A (ten + nomes) (A Costeira)
Finca de Manolito, A (Quinteiro)
Finca do Bixairo, A (A Costeira)
Finca Larga, A (A Costeira)
Fondo do Eido, O (Quinteiro)
Fontás, As (Quinteiro)
Fonte da Faxina, A (Quinteiro)
Fonte da Lameira, A (Quinteiro)
Fonte da Rabicha (Quinteiro)

Fonte da Reguidona, A (Quinteiro)
Fonte de San Mamede de Quintela, A (A Costeira)
Fonte do Cocho (Quinteiro)
Fonte do Cocho, A (Quinteiro)
Fonte do Corvo, A (Quinteiro)
Fonte do Outeiro, A (A Costeira)
Fonte do Sabugueiro, A (A Costeira)
Fonte do Verdeal, A (A Costeira)
Fontes, As (A Costeira)
Frades, Os (Quinteiro)
Francota, A (Quinteiro)
Friáns (Quinteiro)
Friáns de Arriba (Quinteiro)
Grilo, O (Quinteiro)
Gugurugú (Quinteiro)
Herbal dos Quijeiro, O (A Costeira)
Horta, A (Quinteiro)
Igrexa de San Mamede de Quintela (Quinteiro)
Igrexario, O (entre A Costeira e Quinteiro)
Ladeira Grande (Quinteiro)
Ladeira Pequena (Quinteiro)
Ladeiras, As (Quinteiro)
Lagoa, A (Quinteiro)
Lameira, A (Quinteiro)
Lavadoiro da Marela (Quinteiro)
Lavadoiro do Cocho, O (Quinteiro)
Lavadoiro do Muíño do Porto (A Costeira)
Leira do Canto, A (A Costeira)
Leira do Carreiro, A (A Costeira)
Leira, A (Quinteiro)
Leira, A (A Costeira)
Leiteira, A (A Costeira)
Liñar de Estriga (A Costeira)
Lombo, O (Quinteiro)
Loroña, A (Quinteiro)
Lugar da Coutada, O (A Costeira)

Lugar da Devesa, O (Quinteiro)
Lugar da Devesa, O (Quinteiro)
Lugar da Igrexa (Quinteiro)
Lugar de Novelle (Quinteiro)
Lugar de Peluca (Quinteiro)
Lugar do Muíño do Porto, O (A Costeira)
Lugar do Pumariño (Quinteiro)
Lugar do Santo (Quinteiro)
Lugar do Surrego, O (A Costeira)
Lugar Vello, O (Quinteiro)
Mañó (Quinteiro)
Marela das Pedras, A (Quinteiro)
Marela, A (Quinteiro)
Maricán, A (Quinteiro)
Mariñeira, A (Quinteiro)
Mide (Quinteiro)
Millerada, A (Quinteiro)
Minada, A (Quinteiro)
Miraflores (Quinteiro)
Monica, A (Quinteiro)
Monte da Presa, O (A Costeira)
Monte do Leite, O (Quinteiro)
Monxas, As (Quinteiro)
Muíño da Coutada (A Costeira)
Muíño de Magariñas (A Costeira)
Muro, O (Quinteiro)
Nogueiriñas, As (Quinteiro)
Novelle de Abaixo (Quinteiro)
Novelle de Arriba (Quinteiro)
Novelle de Arriba (Quinteiro)
Outeiro, O (A Costeira)
Palomar, O (A Costeira)
Panasca, A (Quinteiro)
Pardiñeiros, Os (A Costeira)
Pardiñeiros, Os (A Costeira)
Paso da Faxina (Quinteiro) VÍA

Pedreira, A (Quinteiro)
Pedreira, A (entre A Costeira e Quinteiro)
Pedreiro, O (Quinteiro)
Peloura, A (Quinteiro)
Peroxa, A (Quinteiro)
Pés de Alonso, Os (A Costeira)
Pescadora, A (Quinteiro)
Picorro de Juan, O (Quinteiro)
Picorro, O (Quinteiro)
Pintora, A (A Costeira)
Polvixeira, A (Quinteiro)
Ponte de Quintela, A (A Costeira)
Ponte, A (A Costeira)
Pouso de Abaixo, O (Quinteiro)
Pouso de Arriba, O (Quinteiro)
Poza da Lameira, A (Quinteiro)
Poza da Presa, A (A Costeira)
Poza de Amieiros (Quinteiro)
Poza dos Frades (A Costeira)
Pozo da Mo, O (Quinteiro)
Pulvixeira, A (Quinteiro)
Pulvixeira, A (Quinteiro)
Pumar, O (A Costeira)
Pumar, O (A Costeira)
Quinteiro
Quirincosta. A (A Costeira)
Quirincosta. A (Quinteiro)
Redondo (A Costeira)
Redondo, O (A Costeira)
Regueiro do Porto, O (A Costeira)
Reguela, A (Quinteiro)
Reguela, A (Quinteiro)
Reguela, A (Quinteiro)
Río San, O (Quinteiro)
Río San, O (Quinteiro)
Salgueiral, O (Quinteiro)

Souto do Conde, O (Quinteiro)
Souto do Conde, O (Quinteiro)
Souto, O (A Costeira)
Souto, O (Quinteiro)
Souto, O (Quinteiro)
Tellados, Os (A Costeira)
Teso, O (Quinteiro)
Torreiro, O (A Costeira)
Veiga da Leira, A (Quinteiro)
Veiga da Porta, A (Quinteiro)
Veiga da Porta, A (Quinteiro)
Veiga da Poza, A (A Costeira)
Veiga da Poza, A (Quinteiro)
Veiga das Latas, A (A Costeira)
Veiga das Magariñas, A (A costeira)
Veiga de Abaixo, A (A Costeira)
Veiga de Arriba, A (A Costeira)
Veiga de Arriba, A (A Costeira)
Veiga de Quintela (A Costeira)
Veiga de Quintela de Abaixo (A Costeira)
Veiga de Rosende, A (A Costeira)
Veiga de Salvador, A (A Costeira)
Veiga do Abade, A (A Costeira)
Veiga do Centeo, A (A Costeira)
Veiga do Crego, A (Quinteiro)
Veiga do Eido, A (Quinteiro)
Veiga do Eido, A (A Costeira)
Veiga do Medio, A (Quinteiro)
Veiga do Monte, A (A Costeira)
Veiga Grande, A (A Costeira)
Veiga Larga, A (Quinteiro)
Veiga Redonda, A (A Costeira)
Verdeal, O (A Costeira)
Viña Ancha, A (Quinteiro)
Viña Branca, A (Quinteiro)
Xoán de Abaixo (Quinteiro)







